

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE NEDA O 25 DE NOVEMBRO DE 2024, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

De novo afrontamos outro 25 de novembro, **Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres**, coa nova recente de outra muller asasinada, outra vez preseuntamente pola súa exparella, en Baiona. Condenamos este novo crime e queremos achegar o noso apoio e solidariedade coa familia, amigos e veciños da vítima, ao tempo que desexamos en que o asasino sexa rápidamente detido e xulgado.

Este asasinato engrosa o espeluznante rexistro de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España. Son **40 as vítimas mortais da violencia de xénero** confirmadas ate o 15 de novembro de 2024, unha cifra que se eleva a **1.285 dende 2003**, ano en el que comenzaron a contabilizarse nas estadísticas oficiais do país.

Chamábanse Ana, Fátima, Rocío, Laila, Cándida, Gracia, Andrea, Thais, Vanesa, Bianca, A.B.F, Natia, Rachida, Florica, Soledad, Petri, Laura, Ammal, Rosi, Susana, Juliana, Sara Abigail, Gertruida, Margarita, M.C.C., M.R.M., Mónica, Pilar, Mari Àngels, Amparo, Lorena, María Elizabeth, Yaneli, María Nieves, Fadoua Akkar, Mainca, Hafsa e Estela. Tamén había dúas mulleres de nome non coñecido.

Un ano mais, entidades, partidos e institucións cumpren co ritual liturxico do 25M, con declaracións copiadas uns de outros, calcadas as do ano pasado, e do outro mais. Isto acontece porque pouco conseguimos que mudasen as cousas nos ultimos 365 días. Mesmo en algúns aspectos retrocedeuse.

De nada serve plas mar nun papel que nos *“reafirmamos no compromiso para poñer fin á violencia contra as mulleres”* cando logo se abre a porta das institución e dos gobernos a quen nega a violencia; cando se abren os micros dos parlamentos ao discurso machista; cando se legisla con parametros negacionistas.

E evidente o moito que queda aínda por facer. Non cabe outra postura que a condena da violencia machista en todas as súas manifestacións, a esixencia de pechar ó paso de xeito activo e efectivo aos discurso de odio contra as mulleres, dos que pontifican, negan ou maquillan a violencia contra as mulleres. Que non o faga así, será complice.

A violencia contra as mulleres non é un evento natural, climático ou sísmico, ten explicación: é causado por unhas estruturas sociais e económicas determinadas. A violencia de xénero é provocada pola alianza criminal entre patriarcado e poder. Concretamente, nas sociedades occidentais, polo poder do capital, que provove a división sexual do traballo e a desigualdade de condicións sociais e laborais. Temos avanzado moito, e certo, pero 40 mulleres asasinadas este ano nos berran que o feito ate o de agora non chega.

Vivimos inmersas nunha cultura que pon o home no centro, como elemento principal da sociedade. O auxe dos discursos negacionistas son a reacción dunha alianza criminal que pretende frear e mesmo reverter os avances. Estas forzas reaccionarias

combaten a loita das mulleres polos seus dereitos porque para eles representa un perigo que millóns de personas se unan nun obxectivo común: rachar cos modelos de sociedades capitalistas, desiguales e patriarcales.

Os avances da muller, as victorias na nosa loita, forzan ao poder capitalista e ao patriarcado a recorrer a mesma arma da que bota man can teñen medo ante os avances e organización da clase obreira: a extrema derecha e o fascismo. Así tratar frear e desmantelar a nosa proposta de transformación feminista.

Este novo auxe da *violencia política* engádese as outras moitas violencias que se exercen contra as mulleres: a violencia contra a parella ou ex-parella, a violencia sexual ou acoso sexual por razón de xénero; a violencia contra os dereitos sexuais e reproductivos das mulleres; a mercantilización do corpo de mulleres e nenas coa prostitución e a pornografía; o aluguer de úteros e o mercadeo de bebés; a trata para a explotación sexual de mulleres e menores; o matrimonio precoz ou forzado, a mutilación xenital feminina e outras violencias oxiginadas por tradicións culturais que atentan contra os dereitos das mulleres; a violencia xerada polos conflitos armados; a violencia exercida a través dos medios de comunicación o a publicidade.

Hai máis violencias, como a violencia económica que priva ás mulleres da súa independencia económica ao ter que depender de quen as maltrata; a violencia vicaria na que fillos e fillas tamén son vítimas para facer aínda máis dano ás súas nais; a violencia dixital das ameazas, acoso e chantaxe na contorna virtual, ademais da cousificación das mulleres na pornografía, á que se accede de xeito xeneralizado dende móbiles, tablets e ordenadores; ou a prostitución, que é non é máis que "*pagar polo dereito a violar*" e pola que mulleres son obrigadas a ser escravas sexuais.

Non podemos obviar a violencia que padecen as mulleres de países en situacións de regresión cultural e social, nos que os integrismos relixiosos ademais lles privan dos seus dereitos e liberdades fundamentais, como en Afganistán en que as mulleres están recluídas nas súas casas, sen acceso á educación, á saúde, ao traballo nin a ningunha relación social. Temos que citar Libia, donde a criminal intervención en 2011 da OTAN e os países occidentais mudou un país laico e funcional onde as mulleres estaban respetadas e protexidas, cara un estado fracasado, onde impera a lei das mafias, dos señores da guerra e os integrismos relixiosos.

E necesario salientar tamén a violencia extrema que padecen as mulleres en zonas de conflito armado, como e o caso de *Palestina*, onde o criminal estado sionista aplica abusos, violacións como arma de guerra con total impiedade e co apoio complice das chamadas democracias occidentais. As atrocidades sionistas, enmarcadas dentro dos crimes de guerra, do xenociadio e da limpeza étnica, teñen nas mulleres e os seus fillos como principais vítimas: a metade das 75.000 vítimas en Palestina son mulleres e nenos.

Tamén hai que salientar as eivas en sociedades occidentais donde as mulleres que deciden abortar son acosadas e criminalizadas por integristas e extremistas relixiosos que din "defender a vida", ou donde gobernos conservadores e reaccionarios que non poñen todos o medios públicos para poder abortar de xeito gratuito e seguro.

Todas as administracións, dende o Goberno de España, a Xunta de Galicia, os concellos e as deputacións, teñen a obriga de poñer todos os medios os seu alcance para combater a violencia machista e dar protección protección das vítimas.

De nada serve dicir que se “asumen compromisos” en días como hoxe, cando maña se recortan presupostos ou as institucións non actúan con todas as armas o seu alcance. Son, precisamente as políticas públicas as fundamentais para combater e erradicar a violencia contra as mulleres.

Avanzar en feminismo non pode ser un lema e moito menos unha frase litúrxica. Asumir a necesidade de avanzar supón seguir poñendo en marcha políticas públicas integrais que eduquen, que prevengan, que protexan as mulleres en todas as esferas sociais. Son as institucións públicas as que deben garantir que todas as mulleres poidamos ter vidas plenas, dignas e libres de violencia.

Por un mundo de mulleres libres e vivas.